

O reinado de Isabel II

Historia de España



A rexencia de María Cristina 1833-1840

Trala morte de Fernando VII iniciase unha etapa de transición coa súa viúva como rexente e unha guerra civil de fondo.

Nesta etapa consolidouse a división dos liberais en dúas correntes que durarán todo o reinado de Isabel II:

- Os **Liberais Moderados (conservador)**:
 - A súa ideoloxía baséase no **liberalismo doutrinario**, que defende a **soberanía compartida** entre Rei e as Cortes, priorizando a Orde fronte a liberdade- A súa base social era a **alta burguesía, a antiga nobreza latifundista e os altos funcionarios**.
- Os **Liberais Progresistas (antes exaltados)**:
 - Defenden a **soberanía nacional**, onde o Parlamento representa á nación. Buscan robustecer os **poderes locais** (concellos) e apoían a **Milicia Nacional**. A súa base social eran as **clases medias** (profesionais liberais, comerciantes)

M^a Cristina e Isabel foron partidarias dos moderados ós que sempre lles ofreceron o goberno, excepto en momentos de inestabilidade para a monarquía.

A rexencia de María Cristina (1833-1840)

O réxime do Estatuto Real (1834-1835)

- Coa morte de Fernando VII, María Cristina accede ó trono en calidade de rexente.
 - Provocando o rexeitamento dos partidarios (os máis absolutistas) de **Carlos María Isidro**, irmán do rei. Carlos reclamou o trono en nome da **Lei Sálica**.
- Este enfrontamento deu lugar á **Primeira Guerra Carlista**.
- O primeiro goberno foi un período moi conservador do absolutista **Cea Bermúdez**.
 - Con **Javier de Burgos** levouse a cabo a **división provincial** vixente aínda hoxe.
- A guerra obrigou á rexente a chamar o liberal **Martínez de la Rosa**. A primeira reforma deste novo goberno con políticos do Trienio Liberal foi o **Estatuto Real** (carta outorgada)

A rexencia de María Cristina (1833-1840)

O réxime do Estatuto Real (1834-1835)

- Carta outorgada, propia do liberalismo doutrinario (soberanía compartida e sufraxio censitario)
- Os doceañistas estiveron en contra e querían volver ó espírito da revolución liberal de Cádiz.
- Para os máis moderados era suficiente.
- Para os sectores máis reaccionarios era inaceptable e querían a volta ó absolutismo con Carlos M^a Isidro.



A rexencia de María Cristina (1833-1840)

O réxime do Estatuto Real (1834-1835)

- Producíuse un ambiente de crispación política.
- Sumouse a epidemia de cólera.
- A Guerra Civil Carlista continuaba.
- O endebedamento crecente.

Todo isto, levou a unha radicalización e o cambio de goberno

A rexencia de María Cristina (1833-1840)

Os gobernos Progresistas (1835-1837). Revolución de 1835

En 1835 o **Conde de Toreno** substituíu a de la Rosa pero foi un período de tensión coñecido como **Revolución de 1835**.

- A Milicia urbana protagonizou levantamentos en varias cidades.
 - Deron lugar a Xuntas Revolucionarias.
 - Asaltos a conventos e fábricas (**Bonaplata de Barcelona**)
 - Decretouse a disolución de conventos e a Compañía de Xesús.
 - Rompéronse relacións coa Santa Sede e o clero fíxose Carlista.
- Ó non diminuír a tensión revolucionaria, a rexente nomeou a **Mendizabal** xefe do goberno e apoiou a causa liberal progresista.

A rexencia de María Cristina (1833-1840)


A Desamortización de Mendizábal

Con Mendizábal consumouse a transición política cara o sistema liberal.

- Reorganizou a Milicia Nacional co nome de "**Garda Nacional**".
- Plantexou acabar coa Guerra Carlista coa venda dos bens do clero (**Desamortización**) previamente nacionalizados.
 - Consiste na venta das propiedades rústicas e urbanas da Igrexa, en poxa pública; prevía nacionalización por parte do Estado.
 - Pretendíase crear unha clase de **novos propietarios adictos á causa liberal** e **sanear a débeda pública**.

Pero a Guerra continuóu e a débeda non se saneou.

Isturiz novo presidente do goberno con ministros moderados (Duque de Rivas, Alcalá Galiano)



A Desamortización.

- A Desamortización foi un fito fundamental no proceso da Revolución Burguesa (Liberal). Significou un cambio esencial no sistema de propiedade e tenencia da terra.
- En España produciuse de maneira discontinua. Déronse varias desamortizacións:
 - A do Ministro Godoy, 1798
 - A de J. Bonaparte.
 - A do Trienio Liberal (1820-1823)
- Pero as máis importantes foron:
 - A de Mendizábal (1836-1851)
 - A de Madoz (1855-1924)

A Desamortización.

Desamortización de Mendizábal.

- En medio do conflito cos Carlistas, e para lograr establecer o novo réxime liberal, en 1836 foi necesario gañar a Guerra os Carlistas.
- Para iso, necesitábanse recursos económicos que proporcionaría a desamortización, ademais de amortizar a débeda pública, saneábase a Facenda e o Estado. Cando este fose solvente podería suscribir novos préstamos no estranxeiro.
- En 1836 Mendizábal puxo en venda todos os bens do **clero regular**, incluíndo terras, mosteiros e conventos con todas as súas pertenzas. Máis tarde, outra lei sacaría a venda os bens do clero secular.

A Desamortización.

Desamortización de Madoz.

- En 1855 o ministro de Facenda, Pascual Madoz, progresista, promulgou a súa **Lei de Desamortización Xeral**. Chamouselle Xeral porque se poñían en venda todos os bens:
 - Os dos eclesiásticos que non foran vendidos na etapa anterior.
 - E os propios dos pobos (os chamados **Bens de Propios**, aqueles que proporcionaban renda ós concello por estar arrendados, e os comúns que non proporcionaban renda e eran empregados polos veciños do lugar.
- Foi a desamortización máis longa e non concluíu ata 1924.
- O diñeiro obtido foi dedicado en parte **a financiar a industrialización do país e á expansión do ferrocarril**.

A Desamortización.

Consecuencias desamortización.

- **Cambios sociais:** O proceso converteu á **burguesía** en terratenente; a desamortización **non serviu para repartir terras entre os campesiños** (non foi unha reforma agraria). A concentración de terras en **latifundios** xerou unha gran masa de **campesiños proletariado agrícola**, que a mediados do século superaba os 2 millóns de persoas.
- Na área Mediterránea creáronse explotacións hortofrutícolas e en Andalucía estendeuse o olivar e a vide. No noroeste predomina o minifundio e o latifundio na metade sur.
- A antiga nobreza, os grandes propietarios rurais e a nova clase social, a burguesía (negocios comarcais, profesionais liberais e altos funcionarios) foron os que se beneficiaron da compra de terras e edificios da Igrexa e dos concellos.

A Desamortización.

Consecuencias desamortización.

- **Cambios nos modos de explotación da terra:** Estímase que o volume total de terra que mudou de mans chegou ata os 50% da terra cultivable. A desamortización contribuíu a que aumentara o volume xeral de produción agraria, ó traballarse terras que ata entóns non foran labradas. Trouxo consigo unha expansión da superficie cultivable e unha agricultura máis produtiva, con mellora e especialización nos cultivos.

A Desamortización.

Consecuencias desamortización.

- **Consecuencias Culturais:** A desamortización produciu **unha gran perda e espolio de bens culturais**, sobre toda da Igrexa. Moitas obras arquitectónicas arruináronse e bens mobles (pinturas, bibliotecas, etc) foron vendidos a prezos irrisorios e en gran parte saíron cara outros países.

A rexencia de María Cristina (1833-1840)


Os gobernos Progresistas (1835-1837).

- O "**Motín dos Sarxentos de La Granja**" que pretendían restablecer a Constitución 1812 da lugar a un **gobierno progresista**.
 - Restableceuse parte da lexislación de Cádiz.
 - Proclamou a democratización na **elección dos concellos** (sufraxio universal)
 - Convocáronse eleccións para unhas novas **cortes constituíntes** (en realidade, o que se pretendía era reformar a Const. De Cádiz)
- A **Constitución de 1837**.
 - De carácter progresista.
 - Recupera aspecto de 1812 e tamén adoita plantexamentos moderados.
 - Pretendía ser de consenso entre as dúas correntes do liberalismo: moderados e progresistas.
 - Reforzouse o poder da Coroa (soberanía nacional pero compartido o legislativo)
 - As Cortes pasaron a ser bicamerais: Congreso dos Deputados e Senado.
 - O Sufraxio censitario (só os maiores contribuíntes, o 2% da poboación).

A rexencia de María Cristina (1833-1840)

**Os gobernos
Progresistas
(1835-1837).**

A **Constitución
de 1837.**



A rexencia de María Cristina (1833-1840)

**Os gobernos
Progresistas
(1835-1837).**

A **Constitución
de 1837.**

ASPECTOS PROGRESISTAS	ASPECTOS CONSERVADORES
• A Soberanía nacional. • A Declaración de Dereitos do cidadán • A división de poderes. • A aconfesionalidade do Estado	• A introdución da segunda cámara, o Senado, conservadora. • A ampla concesión de poderes á Coroa. • Un sistema electoral moi restrinxido



A rexencia de María Cristina (1833-1840)

O Trienio Moderado (1837-1840).

- Outras eleccións en 1837 deron o triunfo ós moderados. Pero víronse condicionados por:
 - O poder dos militares (Narváez, no liberalismo Moderado; Espartero, no progresista)
 - Pola Guerra Carlista.
 - Pola débeda económica.
- A **Lei de Concellos** e diversos motíns populares provocaron a renuncia de M^a Cristina á rexencia e foi substituída por Espartero.
- M^a Cristina renuncia á rexencia e establecece en París e conspirará cos moderados contra o goberno de Espartero.

A rexencia de María Cristina (1833-1840)

A Guerra Civil Carlista.

- **Carlismo** foi un movemento político orixinado en Cataluña (el malcontents ou agraviats) pero aparece trala cuestión sucesoria e morte de Fernando VII
- **Programa ideolóxico:** Basease na **defensa da relixión, da monarquía absolutista e do foralismo e dos privilexios do Antigo Réxime.**
- **Bases sociais:** **Clero, nobreza, campesiñado pobre e os defensores do foralismo.**

Primeira Guerra Carlista

- **Primeira fase (1833-35).**
 - **Partidas rurais (guerrillas)** no País Vasco e Cataluña, e logo en Aragón e o Maestrazgo.
 - Acaba coa morte de **Zumalacarregui** (Xeneral Carlista) no asedio de Bilbao.
- **Segunda fase (1835-37).**
 - Destacan as expedicións do Xeneral **Cabrera**.
 - A acción máis importantes: a **Expedición Real** de **Carlos V** a Madrid pero Espartero obrígalles a retirarse.
- **Terceira fase (1837-39).**
 - Un carlismo dividido e derrotado firmou o **Convenio de Vergara**, entre **Espartero** e **Maroto**.

A rexencia de María Cristina (1833-1840)

A Guerra Civil Carlista.

- É crucial engadiu que o **Convenio de Vergara** contemplara a **conservación os foros** no País Vasco e Navarra, a condición de que as Cortes os modificasen. Isto é chave para entender a continuidade do problema forla.
- Logo da Primeira Guerra Carlista, haberá dous choques máis cos liberais:
 - **A Segunda Guerra Carlista (1846-1849) ou Guerra del Matiners.**
 - **A Tercera Guerra Carlista (1868-1874).**

A rexencia de María Cristina(1833-1840)



A rexencia de Espartero (1840-1843)

O autoritarismo de Espartero.

- **Lider da corrente progresista** dentro do Liberalismo.
- Goberno de forma **autoritaria** e con talante **populista** (cos **ayacuchos**)
 - **Esixiu ser rexente único.**
 - **Realizou a venda de bens do clero secular.**
 - **Apostou por unha política librecambista**
 - **Derogou a Lei de Concellos.** Isto provocou un levantamento dos moderados (o'Donnell), en 1841, que fracasou.
- **A crise da rexencia.**
 - Espartero gozaba de popularidade entre as clases medias e baixas (populista) pero non parlamentario.
 - Ademáis o illamento internacional polas conspiracións de M^a Cristina e Narvaez desde París.
 - Empresarios e comerciantes do textil de **Barcelona** comezaron un enfrontamento contra a política de Espartero (Tratado comercial con GB) e polos recrutamentos masivos.
 - Isto deu lugar os **Sucesos de Barcelona de 1842**, Espartero ordenou o **Bombardeo de Barcelona**.
 - Provocando o desprestixio de Espartero e o golpe de Estado de Narváez, en 1843.
 - Renunciou á rexencia e exiliouse a Londres.
 - Maioría de idade da raíña Isabel.

A Década Moderada (1844-1854)


O sistema de partidos no reinado de Isabel II.

- Os partidos eran **agrupacións de persoas influíntes e poderosas** (*notables*). Caracterizábanse por:
 - **Forte compoñente individualista** (divisións, enfrontamentos entre os seus líderes)
 - As súas ideas traducíanse a través da **práctica electoral** (sometida á corrupción e o arranxo), a **prensa política e a oratoria parlamentaria**.
- **Gran importancia dos líderes** (**Narváez**, moderado; **Espartero**, progresista; **O'Donnell**, unionista)
- **Uso de elementos simbólicos de raíz histórica** (himno de Riego, escarapelas tricolor, bandeiras...)
- Estes líderes tiñan **pouco contacto coa realidade social**. Con **escasa participación electoral** das bases baixas. Política centrada en Madrid, goberno e institucións.:
 - **Sufraxio moi limitado ás clases máis ricas ou as máis "capaces" de entender os sistema electoral.**
 - **O porcentaxe entre 0,1 e 25% eleccións xerais entre 1834 e 1868.**
 - **A candidatura triunfante foi a do goberno convocante cuxo presidente era designado pola raíña.**
 - **A maquinaria electoral estaba ó servizo dos intereses do goberno que elaboraba leis favorables.**
 - **O poder tiñano os xefes políticos e os notables locais (caciques) que negociaban os resultados a cambio de favores (clientelismo).**

Evolución das formacións políticas durante o reinado de Isabel II

Os partidos máis importantes foron:

○ **moderado, o progresista, a Unión Liberal, o Demócrata e o Carlista.**



PARTIDO CARLISTA	• Retorno ó Antigo Réxime. • Absolutismo monárquico e soberanía real. • Privilexios forais. • Privilexios estamentais. • Restauración da Inquisición. • Tiveron o apoio da nobreza reaccionaria e de campesiños temerosos de liberalismo
PARTIDO MODERADO	• Termo medio entre o absolutismo carlista e o progresismo • Querían integrar ós carlistas, pero consideraban acabado o Antigo Réxime. • Soberanía compartida entre as Cortes e o Rei, con máis atribucións da Coroa • Ante todo estaba a "orde". A monarquía era a garantía, fronte ó desorde popular. • Pretendían un Estado e unha administración moi centralizada. • Reconciliación coa Igrexa, aínda que sen dar marcha atrás nas desamortizacións. • Representaban ás clases máis ricas. • O censo electoral que apoiaban era só un 1-3% da poboación
UNIÓN LIBERAL	• Xurdiron na década de 1850. • Eran un termo medio entre moderados e progresistas. • Representaban ós sectores máis acomodados da sociedade. • Defendían a soberanía compartida entre o Rei e as Cortes. • Defendían a orde social.

PARTIDO PROGRESISTA

- Soberanía nacional, representada polas Cortes. Orei exercería o poder executivo.
- Apoiaban o sufraxio censatario, pero máis amplo que os moderados.
- Pretendían robustecer os poderes locais: articular o país por medio dos núcleos democráticos municipais.
- Apoiaban a Milicia Nacional (grupos do pobo uniformado)
- O seu dogma económico baseabase no librecambismo.
- A súa base social eran as clases medias. Ó principio tiveron o apoio dos obreiros industriais.
- Só estiveron no poder por sublevacións ou pronunciamentos. A Coroa sempre os marxinou.

PARTIDO DEMOCRATA

- Fundado en 1849.
- Soberanía popular representada polas Cortes.
- Sufraxio universal masculino.
- Limitación dos poderes do rei ó mínimo.
- Apoio ós poderes locais elixidos democráticamente.
- Forte apoio á Milicia Nacional
- Contaron co apoio de parte das clases medias e baixas

A Década Moderada (1844-1854)

A maioría de idade de Isabel II.

- Co **golpe de Estado de Narváez** e o posible regreso de M^a Cristina adiantouse a maioría de idade de Isabel II (13 anos).
- **Os gobernos de Narváez**: dan comezo a "**Década Moderada**" 1844-54
- Creouse unha **lexislación** que modelou un **Estado centralizado e uniforme**:
 - **Nova Constitución (1845)** -Liberalismo doutrinario-.
 - **Soberanía compartida e sufraxio censitario** (mois restrinxido).
 - Senado converteuse nunha cámara de **nomeamento real, vitalicio**.
 - **Unidade católica**.
 - **Suprimóuse a Milicia Nacional** e o goberno democrático dos Municipios.


A obra do goberno:

- **Suspendeuse a venda de bens desamortizados e devolvéronse os xa vendidos.**
- **Reformouse a educación** (tres niveis: primaria, secundaria e universidade)
- **Modificou a administración local e provincial** (maior control dos Concellos)
- **Aprobouse unha nova Lei de Facenda e creouse unha Comisión Nacional de Codificación** (Código civil, mercantil, penal...)

Constitución de 1845

- Auméntanse os poderes do executivo.
- O Senado convértese nunha cámara de nomeamento real, vitalicio.
- Suprímese a Milicia Nacional e o goberno democrático dos Municipios.
- A potestade de facer as leis ás Cortes co Rei.
- Sufraxio directo e censatario, moi restrinxido.
- Desaparece o xurado para os delitos de imprenta.
- Outras leis consagran a uniformidade centralista (só o País Vasco-Navarro conservou ata 1876 parte do seu sistema foral espífico), reforma facendística, educativa,... O problema coa Igrexa intentouse ser solucionado co **Concordato de 1851**.

Sistema político da Constitución de 1845



A Década Moderada (1844-1854)

LEIS ELECTORAIS DA PRIMEIRA METADE DO SÉCULO XIX

REGULAMENTO ELECTORIAL		
Lei Electoral	Número de electores	% sobre o total da poboación
Real Decreto de 1843	16.000 de xuntas electorais, que elixían uns 1.000 compromisarios de Xuntas de Provincia, quenes elixían ós 188 procuradores.	0.1
Real Decreto de maio de 1836	65.000 que elixían ós 258 procuradores	0.7
Real Decreto de agosto de 1836	3.000.000 que elixían 200.000 compromisarios. Estes elixían 16.000 compromisarios en Xuntas de partido xudicial, e deles saían 460 de provincias, que eran quenes elixían ós deputados.	25
Lei de xullo de 1837	De 250.000 a 700.000, que elixían ós 375 deputados	De 2 ó 7
Lei de marzo de 1846	De 100.000 a 200.000 que elixían a 349 deputados	Do 0.8 ó 1.6
Lei de xuño de 1865	400.000 que elixían a 352 deputados.	2,7

A Década Moderada (1844-1854)

CONSTITUCIÓN DA PRIMEIRA METADE DO SÉCULO XIX

	1834 (Estatuto Real)	1837	1845
Ideoloxía	Moderada	Progresista/moderada	Moderada
Soberanía reside en	Rei	Nación	Rei e Cortes
relixión	Católica	Católica: o Estado sostén o culto católico Non se prohiben outros credos	Católica: o Estado sostén o culto católico. Non se prohiben outros credos.
Sufraxio	Censitario	Censitario	Censitario
Cámaras	Dous	Dous (o Senado elixeo o rei entre candidatos propostos polos electores)	Dous (o Senado elixeo o rei)
Facultades das Cortes	Casi consultivas	Lexislar co rei. Controlar o goberno	Lexislar co rei. Controlar o goberno
Facultades da coroa	Iniciativa lexislativa. Convocar e suspender as Cortes. Nomear os gobernos	Iniciativa lexislativa. Dereito de veto. Nomear ministros. Sancionar e promulgar leis.	Iniciativa lexislativa Dereito de veto. Nomear ministros. Sancionar e promulgar leis.
Relación entre poderes	Non separación de poderes	Colaboración de poderes	Non separación de poderes.
Carácter do poder xudicial	Inamobilidade	Inamobilidade	Inamobilidade
Liberdades e dereitos fundamentais	Non os regula	Recoñece liberdades e dereitos fundamentais.	Recoñece liberdades e dereitos fundamentais

A Década Moderada (1844-1854)

A maioría de idade de Isabel II.

- Os cambios deron lugar a unha administración máis complexa, con máis funcionarios, que cambiaban segundo o goberno: **cesantes**.
- Narváez tivo que enfrontarse a:
 - **Progresistas e demócratas.**
 - **Rebelións militares e motíns urbanos.**
 - **Ás intrigas palaciegas da camarilla da raíña**
 - **A compañeiros do seu propio partido (puritanos)**
- Narváez aumentou o seu poder coa creación dos **gobiernos civís** e perfeccionou o **sistema de corrupción electoral**. A candidatura electoral era a do **gobierno convocante** cuxo presidente era designado pola raíña. A maquinaria electoral estaba ó servizo dos intereses do goberno. O poder tiñano os xefes políticos e os notables locais (**caciques**) que negociaban os resultados a cambio de favores (**clientelismo**). Este é o mecanismo fundamental de falseamento electoral da época.
- O autoritarismo foi un aumento e converteuse nunha **ditadura**.
- Tivo que enfrontarse ademais á **Segunda Guerra Carlista (1846-1848)**. Oposición ó matrimonio de Isabel II co fillo de Carlos M^a Isidro.

A Década Moderada (1844-1854)

A maioría de idade de Isabel II.


- **Bravo Murillo** sucede a Narváez no goberno:
- Foi presidente e **ministro de Facenda**.
- **Modernizou a función pública** coa creación dunha burocracia moderna ó servizo do Estado.
- Firmou o **Concordato coa Santa Sede**, 1851:
 - Recoñecese a relixión católica como "única da nación española".
 - O sistema educativo estará sometido á moral católica.
 - O Estado mantén a Igrexa a cargo dos presupostos
- O goberno autoritario, a **división do partido moderado**, os casos de **corrupción** centrados na construción de ferrocarrís, a corrente iberista... foron **desgastando o goberno dos moderados**; provocando a **Sublevación dos Progresistas** de 1854.



○ Bienio Progresista (1854-1856)

A revolución de 1854.

- Comezou co pronunciamento militar (**Vicalvarada**), dirixido polos **Xenerais Dulce e O'Donnell**, que se apoíaban nnu programa progresista: **Manifesto de Manzanares**.
- O pronunciamento derivou nunha revolución popular e a creación dun goberno provisional (**Xunta de Salvación**, presidida por **Evaristo San Miguel**) á espera de Espartero.
- **Por primeira vez apareceron lemas e ideas democráticas e republicanas.**





O Bienio Progresista (1854-1856)

A labor do goberno do Bienio Progresista.

- O poder pasou a **Espartero** (Progresista) coaligado con **O'Donnell** (**Unión Liberal**, unha mestura entre progresistas e moderados)
- Creouse a **Constitución de 1856**, que non entrou en vigor (non nata)
- Durante esta etapa de coalición tiveron que facer fronte a:
 - **Un novo levantamento Carlista.**
 - **A oposición a novas medidas desamortizadas. A Desamortización de Madoz:**
 - 2º gran proceso desamortizador dos bens da Igrexa.
 - Tamén venda de bens municipais.
 - **O aumento da débeda pública.**
- Todo isto deu lugar a **dimisión de Espartero** e a creación do **goberno de O'Donnell**.
- **Comezaba unha etapa de hexemonía moderada con destacado papel da Unión Liberal.**

A hexemonía da Unión Liberal (1856-1863)

A volta o moderandismo.

- **O'Donnell** desmantelou toda a labor política e lexislativa do Bienio Progresista aínda que mantivo algunhas leis progresistas.
- A política deu un xiro á dereita ó sucederlle no novo goberno **Narváez**.
 - Era a volta ó moderantismo máis conservador e autoritario.
 - Recuperouse a **Constitución de 1845**.
 - Suspendeuse a desamortización e volveuse o espírito do **Concordato de 1851**.
- Da obra do goberno podemos destacar:
 - **A lei de Instrución Pública (de Claudio Moyano).**
 - **A finalización de grandes obras públicas, como a Canle de Isabel II.**
 - **O desenvolvemento das comunicacións: ferrocarril, telégrafo.**

A hexemonía da Unión Liberal (1856-1863)

- **O "gobierno longo" de O'Donnell.**
- Unha crise de subsistencia e a axitación social provocou a dimisión de Narváez e a volta de O'Donnell.
- Comeza unha época de estabilidade e centrismo político. Baseado en:
 - **Manipulación electoral.**
 - **Crecemento económico** (banca, negocios, concesións, empresas públicas...)
 - **Reformismo administrativo.**
 - **Política exterior por prestixio.**
 - **Guerra de África (1858-60)**
 - **México (1861-62)**
 - **Cochinchina, Perú..**

O Liberalismo en crise: revolución e fin do reinado (1863-1868)

A volta de Narváez e a inestabilidade política.

- Tras o "gobierno longo" O'Donnell **sucedéronse diversos gobernos inestables e ineficaces, sen alternancia de partido**. Caracterizados por:
 - Forte división interna dos partidos
 - Constante inxerencia da raíña no goberno.
- Diversos acontecementos, ademais da grave crise económica, fan presaxiar a **incapacidade do sistema para afrontar os problemas**:
 - **A "Cuestión Romana"**. O apoio de Isabel II ó papa Pío IX enfrontaba España co novo Estado Italiano.
 - **O desprestixio da raíña**.
 - A causa dunha vida privada moi polémica.
 - "Noite de San Daniel" provocada por Castelar.
 - **En 1866 o Xeneral Prim protagoniza unha sublevación contra o goberno que fracasa.**
 - **O pronunciamento militar no Cuartel de San Gil, reprimido con gran dureza.**
- En agosto de 1866, firmábase o **Pacto de Ostende**, en Bélxica, entre demócratas e progresistas (e despois unionistas) **para desalojar do trono a Isabel II**.

O Liberalismo en crise: revolución e fin do reinado (1863-1868)

A crise económica e a revolución de setembro.

- **A crise económica de 1866.**

- Caracterízase por **afectar a todos os sectores produtivos e de finanzas** (técnico, siderurxia e financeira).
- Especialmente a todo o relacionado coa **construción de ferrocarrís.**
- A esta crise sumouse a crise de subsistencias (alto prezo do trigo e outros cereais)

- Todo isto provocou una forte **axitación popular.**

- Ante a situación diversos Xenerais (Prim, Serrano, Dulce...) sumáronse á conspiración: o 18 de setembro de 1868 o almirante Juan Batista Topete sublevase en Cádiz co **Manifesto "Viva España contra honra"**. Daba comezo a **Revolución de 1868 ou "A Gloriosa"**